Concello de Pontevedra

RESOLUCIÓN DA CONCELLEIRA DE PATRIMONIO MUNICIPAL E FESTAS

Asunto: terceira resolución de outorgamento de autorizacións para a ocupación do dominio público municipal mediante postos nas festas da Virxe Peregrina durante os anos 2022-2025 e corrección de erros das resolucións de outorgamento de autorizacións outorgadas

Iniciouse o expediente para o outorgamento de autorizacións en réxime de concorrencia ou licitación pública e forma de poxa pública á alza para a ocupación do dominio público municipal mediante postos nas festas da Virxe Peregrina durante os anos 2022-2025.

Formulouse o prego de condicións das autorizacións en réxime de concorrencia ou licitación pública e forma de poxa pública á alza para a ocupación do dominio público municipal mediante postos. Acordouse establecer como prazo para presentar solicitudes de autorización durante 15 días hábiles seguintes ao da publicación do anuncio de convocatoria no BOP.

Os pregos de condicións das autorizacións, constitúen o acto que fixan as regras conforme se outorgan ou denegan as solicitudes de autorizacións, así como se exclúen do procedemento de adxudicación. Neste senso debe terse en conta que a formulación dunha oferta supón a aceptación incondicionada do prego de condicións.

Emitiuse informe para aprobar o prego e o expediente e aprobouse os pregos e o expediente.

Acordouse establecer como prazo para presentar solicitudes de autorización durante 15 días hábiles seguintes ao da publicación do anuncio de convocatoria no BOP.

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, constatouse a existencia de diversos postos vacantes que poden procederse a adxudicar conforme ao procedemento previsto na disposición adicional segunda do prego de condicións, de conformidade co establecido na mesma. Como existen diversas solicitudes que cumpriron os requisitos para presentarse a este procedemento de adxudicación nos termos fixados na disposición adicional sinalada, de conformidade cos criterios e parámetros establecidos nesta procede adxudicarlle estes postos.

Así mesmo, existen postos vacantes que poden procederse a adxudicar conforme ao procedemento previsto na disposición adicional segunda do prego de condicións, de conformidade cos criterios e parámetros establecidos nesta.

Por outro lado, detectáronse determinados erros materiais nos adxudicatarios de postos destas festas. En particular:

a. Na resolución da concelleira de patrimonio municipal e festas de data 2 de agosto de 2022, procedeuse a outorgar autorización, entre outros, para ocupar o posto 136 das festas da Virxe Peregrina durante os anos 2022-2025 a La Bomba,C.B, con NIF ***4296**. Non obstante, existe un erro no NIF, dado que o correcto é ***3290**.
b. Na resolución da concelleira de patrimonio municipal e festas de data 8 de agosto de 2022, procedeuse a outorgar autorización, entre outros, para ocupar o posto 104 das festas da Virxe Peregrina durante os anos 2022-2025 a D. Miguel Angel García Barata. A orde dos apelidos do señor mencionado non é correcto, dado que é Barata García, co cal debe procederse a corrixir este erro. Así mesmo, nesa resolución outorgouse autorización para o posto 215 das festas da Virxe Peregrina durante os anos 2022-2025 a D. Ibaylo Genadiev Georgiev, existindo un erro nunha letra do seu nome, dado que o nome e apelidos correcto é Ivaylo Genadiev Georgiev.

O artigo 109 da Lei 39/2015, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas permite as Administracións Públicas poidan proceder a rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos dos seus actos.

Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade en:
https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:P5PWQ5YNI9YJ7AD9

Concello de Pontevedra

Considerando que os erros sinalados son de feito, debe procederse ao amparo do artigo mencionado, á correción dos erros das resolucións sinaladas en relacións aos tres solicitantes expostos.

A rectificación de erros debe realizarse polo mesmo órgano que ditou o acto que se rectifica, isto é, pola a concelleira de patrimonio municipal e festas.

Conforme o artigo 7 do prego de condicións deste procedemento de adxudicación, a resolución de outorgamento das autorizacións deberase publicar no perfil do contratante do Concello. Así mesmo, deberase indicar por cada un dos beneficiarios das autorizacións os seguintes datos: NIF, postos dos que resultan adxudicatarios e canons anuais a pagar por cada un dos postos

A vista do exposto, **RESOLVO**:

PRIMEIRO.- Outorgar as autorizacións para ocupar os postos que de seguido se relacionan, para as festas da Virxe Peregrina do período 2022-2025, a favor das persoas que se mencionarán coa obriga de pagar as taxas ofertadas que se concretan e a cantidade fixa a pagar por subministro de electricidade por toda a duración das autorizacións con suxeición ao prego de condicións das autorizacións en réxime de concorrencia ou licitación pública e forma de poxa pública á alza para a ocupación do dominio público municipal mediante postos nas festas da Virxe da Peregrina durante os anos 2022-2025, e as condicións precisadas na parte dispositiva desta Resolución.

Nº POSTO AUTORIZADO	NOME OU DENOMINACIÓN SOCIAL	1 APELIDO	2 APELIDO	NIF	TAXAS OU CANONS OFERTADOS POLA ADXUDICACIÓN OU OUTORGAMENTO DO POSTO POR ANO	CANTIDADE FIXA A PAGAR POR SUBMINISTRO DE ELECTRIDADE POR ANO	TOTAL TAXAS OU CANOS A PAGAR POLO OUTORGAMENTO DO POSTO POR ANO
27	MARIA ELIA	MARTINEZ	GALIANO	***8503**	1.499,41	220,00	1.719,41
31	SANDRA	VILA	IGLESIAS	***1083**	1.600,00	220,00	1.820,00
53	LORENA	RUBIO	SUAREZ	***5503**	399,00	140,00	539,00
57	ATRACCIONES ASTUR GONFER, S.L.			***8769**	373,00	195,00	568,00
88	SILVIA	DIAZ	ABADIA	***5407**	500,00	140,00	640,00
89	GERMAN	DIAZ	FERNANDEZ	***2935**	600,00	50,00	650,00
100	GUIDO	SINCHICO	CANDO	***9351**	500,00	30,00	530,00
101	GUIDO	SINCHICO	CANDO	***9351**	320,00	30,00	350,00
108	ADOLFO	MONTOYA	VAZQUEZ	***2087**	318,00	30,00	348,00
117	JONATHAN DAVID	PADILLA	SANTACRUZ	***2800**	254,00	30,00	284,00
118	MARIA CRISTINA	CASTAÑEDA	PADILLA	***8093**	318,00	30,00	348,00
140	VICENTE	LITA	ANDRANGO	***8784**	733,00	30,00	763,00
141	VICENTE	LITA	ANDRANGO	***8784**	733,00	30,00	763,00
146	ELVIS SANTIAGO	CABASCANGO	PERUGACHI	***9354**	733,00	30,00	763,00
155	GLADYS YENY	BALAZAR	SANCHEZ	***1721**	732,98	30,00	762,98
164	ALADJI	SARR		***4120**	90,00	30,00	120,00

Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade en:
https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:P5PWQ5YNI9YJ7AD9

Nº POSTO AUTORIZADO	NOME OU DENOMINACIÓN SOCIAL	1 APELIDO	2 APELIDO	NIF	TAXAS OU CANONS OFERTADOS POLA ADXUDICACIÓN OU OUTORGAMENTO DO POSTO POR ANO	CANTIDADE FIXA A PAGAR POR SUBMINISTRO DE ELECTRIDADE POR ANO	TOTAL TAXAS OU CANOS A PAGAR POLO OUTORGAMENTO DO POSTO POR ANO
165	CHEIKH	MBENGUE	NDIAYE	***5869**	90,00	30,00	120,00
172	BARA	SOCK		***6573**	90,00	30,00	120,00
178	MAYADA	FALL		***9849**	90,00	30,00	120,00
179	MAIMOUNA	BA		***1829**	90,00	30,00	120,00
180	DAOUR	SAMB		***7636**	90,00	30,00	120,00
189	ALADJI	SARR		***4120**	90,00	30,00	120,00
191	MAYADA	FALL		***9849**	90,00	30,00	120,00
192	CHEIKHOUNA	DIA		***0867**	90,00	30,00	120,00
193	CHEIKHOUNA	DIA		***0867**	90,00	30,00	120,00
205	FALLOU	FALL		***3978**	90,00	30,00	120,00
206	MAYADA	FALL		***9849**	90,00	30,00	120,00
220	FERNANDO	MACHADO	AMAVEL	****5986*	90,00	30,00	120,00
224	MAIMOUNA	BA		****8290*	90,00	30,00	120,00

SEGUNDO.- As autorizacións que se outorgan nesta resolución están suxeitas as seguintes condicións:

1. Cada un dos postos que son obxecto destas autorizacións destinaranse exclusivamente as actividades que figuran como actividades posibles para estes postos no anexo I do prego de condicións que rexe estas autorizacións.

2. O réxime económico ao que se suxeitan as autorizacións é ao pagamento das taxas ofertadas polos autorizados, así como os tributos e demais gastos que deberán facerse nos termos fixados no prego de condicións que rexe estas autorizacións.

3. Os autorizados asumirán tódolos gastos de conservación e mantemento, impostos, taxas e demais tributos, así como o compromiso de utilizar os bens obxecto de autorizacións segundo a súa natureza e entregar, á extinción das autorizacións, os terreos municipais ocupados en perfecto estado de conservación e uso nos termos fixados no prego de condicións que rexe estas autorizacións.

4. Os autorizados asumirán o compromiso da previa obtención, a súa custa, de cantas licenzas e permisos requiran o uso dos bens e as actividades a realizar sobre os mesmos.

5. Os autorizados aceptan a revogación unilateral, sen dereito a indemnización, por razóns de interese público nos supostos previstos no artigo 92.4 da Lei 33/2003 de patrimonio das Administracións Públicas

6. As responsabilidades derivadas da ocupación dos terreos municipais serán asumidas integramente polos autorizados.

Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade en:
https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:P5PWQ5YNI9YJ7AD9

7. O Concello de Pontevedra poderá, en calquera momento, inspeccionar os terreos municipais obxecto das autorizacións e instalacións para garantir que os mesmos son empregados de acordo cos termos das autorizacións.

8. As autorizacións que se outorguen ao amparo deste prego outorgaranse por un prazo de dous anos prorrogables por anos ata un máximo de dous anos máis, cun máximo total de 4 anos, e, dentro destes, desde o día anterior as datas concretas de celebración das festas da Virxe Peregrina en Pontevedra, que determina o Concello de Pontevedra cada ano, ata que rematen estas festas.

Dentro de cada período de duración das autorizacións, os horarios durante o cal se poden empregar os postos para destinalos as actividades autorizadas con destino ao público son os seguintes:

- De luns a venres, que non coincidan en festivo: desde as 17.00 h ata ás 2.00 h do día seguinte.
- Sábados, domingos e festivos: desde as 12.00 h ata ás 2.30 h e desde as 17.00 h ata ás 3.30 h do día seguinte.

A montaxe das instalacións e postos deberá realizarse durante os tres días anteriores ao inicio da duración das autorizacións para cada período das festas da Virxe Peregrina.

No caso de que os autorizados non monten as instalacións durante os días sinalados no parágrafo anterior, enténdese que renuncian as autorizacións con extinción destas e, polo tanto, o Concello poderá adxudicarlles os postos a outras persoas e ademais os autorizados non terán dereito a devolución das taxas, no seu caso, pagadas ás que alude o artigo 3 deste prego.

A desmontaxe e recollida de postos non poderá exceder dos dous días seguintes a finalización da duración das autorizacións para cada período das festas da Virxe Peregrina, debendo quedar o espazo ocupado en perfecto estado de limpeza, conservación e mantemento. No caso de se retrasarse no desaloxo do posto, sen perxuizo das facultades que ostenta ao Concello para o seu desaloxo, esixirase os días que excedan da ocupación conforme a ordenanza fiscal que se menciona no artigo 3 deste prego.

Como se expuxo, as autorizacións son susceptibles de prórrogas por períodos dun ano ata un máximo de dous, é dicir, para os exercicios 2024 e 2025. As prórrogas so poden producirse a instancia dos autorizados axustándose as seguintes regras:

- As prórrogas que se soliciten e se outorguen só serán por anos.
- Senón se solicita a prórroga para o ano 2024 ou esta se denega, non se poderá solicitar nin optar a prórroga para o ano 2025.
- Os autorizados deben solicitar a prórroga dous meses antes de que comece a festa do ano correspondente. En caso contrario, o Concello de Pontevedra pode denegar validamente a prórroga. As solicitudes de prórrogas deben expresar claramente a vontade de prorrogar a autorización.
- Os autorizados para poder ser beneficiarios da prórroga deben reunir os requisitos necesarios para poder presentar solicitudes de autorización deste prego. En especial, os autorizados deben estar ao corrente nas obrigas tributarias con todas as Administracións Públicas, incluindo o Concello de Pontevedra.
- As solicitudes de prórroga deben ser resoltas pola concelleira responsable de patrimonio municipal e festas,, debendo valorar a concorrencia doutros posibles intereses públicos ou necesidades respecto dos postos ou dos espazos públicos municipais, o grao de cumprimento das súas obrigas polos autorizados, a concorrencia de circunstancias sinaladas neste prego e demais circunstancias que sexan relevantes para outorgar ou denegar as solicitudes formuladas.

Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade en:
https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:P5PWQ5YNI9YJ7AD9

O establecemento dun prazo de duración das autorizacións enténdese, en calquera caso, sen perxuízo da facultade municipal de revogar as autorizacións, de conformidade co previsto no presente prego e na lexislación xeral de aplicación á estas.

9. Non se permite a realización de ningún tipo de cesión ou subrogación das autorizacións.

10. As causas de extinción serán as previstas no artigo 19 do prego de condicións destas autorizacións demaniais.

11. As presentes autorizacións rexeranse polo disposto no prego de condicións das autorizacións en réxime de concorrencia ou licitación pública e forma de poxa pública á alza para a ocupación do dominio público municipal mediante postos nas festas da Virxe Peregrina durante os anos 2022-2025 aprobados por resolución da concelleira de patrimonio municipal e festas en data 13 de xuño de 2022, e no non previsto neste prego será de aplicación a Lei 33/2003 de patrimonio das Administracións Públicas; RD 1372/1986 polo que se aproba o Regulamento de bens das Entidades Locais; LCSP; RD 1098/2001 polo que se aproba o Regulamento Xeral en desenvolvemento do anterior; RD 817/2009, de desenvolvemento parcial da LCSP, Lei 7/85 do 2 de abril e R. D. Lex. 781/86, do 18 de abril, ordenanzas fiscais do Concello de Pontevedra vixentes en cada momento; normativa aplicable á contratación e bens locais e demais normativa que sexa aplicable en cada momento.

TERCEIRO.- Rectificar os erros materiais da resolución da concelleira de patrimonio municipal e festas de data 2 de agosto de 2022, relativa as autorizacións para ocupar os postos, procedemento de outorgamento de autorizacións en réxime de concorrencia ou licitación pública e forma de poxa pública á alza para a ocupación do dominio público municipal mediante postos nas festas da Virxe da Peregrina durante os anos 2022-2025, que se relacionan a continuación:

Na autorización que se outorga nesa resolución para ocupar o posto 136 das festas da Virxe Peregrina durante os anos 2022-2025 a favor de La Bomba,C.B, onde sinala como NIF ***4296**, rectificase este NIF, no senso que o correcto e que o debe constar é ***3290**.

CUARTO.- Rectificar os erros materiais da resolución da concelleira de patrimonio municipal e festas de data 8 de agosto de 2022, relativa as autorizacións para ocupar os postos, procedemento de outorgamento de autorizacións en réxime de concorrencia ou licitación pública e forma de poxa pública á alza para a ocupación do dominio público municipal mediante postos nas festas da Virxe da Peregrina durante os anos 2022-2025, que se relacionan a continuación:

- Na autorización que se outorga nesa resolución para ocupar o posto 104 das festas da Virxe Peregrina durante os anos 2022-2025 a favor de Miguel Angel García Barata, rectificase a orde de apelidos, no senso que o nome e apelidos correcto do adxudicatario e que o debe constar é Miguel Ángel Barata García.

Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade en:
https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:P5PWQ5YNI9YJ7AD9

- Na autorización que se outorga nesa resolución para ocupar o posto 215 das festas da Virxe Peregrina durante os anos 2022-2025 a favor de Ibaylo Genadiev Georgiev, rectificase unha letra do nome, no senso que o nome e apelidos correcto do adxudicatario e que o debe constar Ivaylo Genadiev Georgiev.

QUINTO.- Publicar a presente resolución no perfil do contratante do Concello de Pontevedra e notificala ao Servizo de Xestión Tributaria e Outros Ingresos de Dereito público.

RECURSOS

Contra o presente acto que, pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN, perante o mesmo órgano que o ditou no prazo de UN MES, contado a partir do día seguinte a esta notificación, ou RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO perante o XULGADO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO DE PONTEVEDRA, no prazo de DOUS MESES, contados de maneira idéntica, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer calquera outro recurso que estimen procedente.

O recurso contencioso-administrativo non se poderá interpoñer ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición que , no seu caso, se interpuxera.

No suposto de interposición do recurso potestativo de reposición, este entenderase desestimado se no prazo dun mes, computado dende o día seguinte a tal interposición, o órgano competente para resolvelo non ditara e notificara resolución expresa.

Contra a desestimación presunta do recurso de reposición poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante a Sala antes mencionada antes mencionada no prazo de seis meses, contados a partir do día seguinte en que, de conformidade co anterior, se produza o acto presunto.

Pontevedra, na data de sinatura electrónica.

A concelleira de patrimonio municipal e festas

María Carme da Silva Méndez

Dou fe, o secretario admon. Municipal

José Carlos Castiñeira Piñeiro

1.

Asinado por: JOSE CARLOS CASTIÑEIRA PIÑEIRO
Servizo: SECRETARIA DA ADMINISTRACIÓN MUNICIPAL
Cargo: SECRETARIO
Data: 12/08/2022

Asinado por: MARÍA CARMEN DA SILVA MÉNDEZ
Servizo: ALCALDÍA
Cargo: CONCELLEIRA
Data: 12/08/2022
RESOLUCION: 2022006707

Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade en:
https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:P5PWQ5YNI9YJ7AD9